

Polideportivo



ATLETISMO

III Trail de Montaña Lucus

As probas trail discorren polo Monte Segade e Monte Penarubia e terán dous percorridos. A saída e a chegada estarán situadas na explanada do parque de Rosalía de Castro

PÁDEL

Campionato Galego Absoluto

As mellores palas galegas, masculinas e femininas, citaranse no D10 para facerse cos 6.000 euros en metálico que reparte en premios a Federación Galega nas diferentes categorías

Partidos destacados

HOXE 19:00h. **BALONCESTO**
LEB OURO, CB Breogán - Melilla

HOXE 18:00h. **FÚTBOL BASE**
LIGA GALEGA CADETE, Milagrosa - Ural B

MAÑÁ 12:00h. **FÚTBOL SALA**
2ª DIVISIÓN B, Prone Lugo - Ribeira

MAÑÁ 17:00h. **FÚTBOL**
2ª DIVISIÓN FEMININA, CD Lugo - Carballedo

ATLETISMO

A Lugo Monumental está en marcha

A 17ª edición celebrarase o vindeiro 15 de decembro cunha previsión de 1.500 participantes e na que un euro de cada inscrición será doado á Sociedade Protectora de animais e plantas de Lugo



ATLETISMO



Mañá, Lugo LUCUS MOUNTAIN

Championchipnorte organiza o III Trail de Montaña Lucus Mountain. Celebrarase mañá, 8 de decembro de 2019, no parque de Rosalía de Castro (explanada das casetas do polbo) e contará coa colaboración de Concello de Lugo, Protección civil, Deputación de Lugo e Club Monte Penarrubia. Os horarios estarán debidamente estipulados e actualizados na páxina web oficial www.lucusmountain.com.

As probas trail discorren polo Monte Segade e Monte Penarrubia e terán dous percursos. As saída e a chegada estarán situadas na explanada das casetas do polbo no parque de Rosalía de Castro.

Poderán participar todos os atletas maiores de 18 anos que o desexen, sempre que se atean ao indicado neste regulamento: Masculino absoluto (todas as idades). Feminina absoluta (todas as idades). Maiores 40 anos femininas. Maiores 45 anos masculinos.

Todos os participantes serán cronometrados e cronometradas por chip, que se levará obrigatoriamente colocado na zapatilla ou tobillera. Os propietarios de chip ChampionChip, deben participar obrigatoriamente con el.

O percorrido estará debidamente sinalizado con carteis indicadores e cintas de balizamento. Habrá voluntarios da organización en todos os puntos e cruces necesarios.

O tempo máximo de entrada en meta será:

- * 3 horas e media no trail longo
- * 2 horas e media no trail curto

Polo que quen excedan o tope de tempo establecido perderán toda opción a figurar na clasificación final.

Doutra banda, os responsables da Organización terán a potestade para retirar da proba aos corredores que non cumpran coas normas da mesma, aos que non completen o percorrido marcado, aos que non leven o dorsal regulamentario de forma ben visible (diante da camiseta), aos que desatendan as indicacións dos organizadores, ou aos que manteñan unha actitude pouco deportiva cara aos demais corredores.

Todos aqueles participantes que se vexan afectados por unha decisión de descalificación, deberán facer entrega do dorsal no posto de control máis próximo e abandonar a proba atendendo ás indicacións dos membros da Organización.

Trofeos

Habrá un trofeo ao gañador e gañadora do trail longo e curto. Medallas para os tres primeiros e as tres primeiras absolutos e veteranos do trail longo e curto, e un obsequio para os deportistas de trail longo e curto.

Na Crono Escalada do Trail Lucus Mountain, tanto de trail curto como longo, terán medallas os mellores tempos absolutos en categoría feminina e categoría masculina e os primeiros e as primeiras veteranos e veteranos.

O horario da entrega de premios será ás 13:00 para as carreiras absolutas de Trail Longo e Curto e crono escalada

31 Decembro, Ribadeo SAN SILVESTRE

O Concello de Ribadeo organiza unha nova edición da carreira San Silvestre 2019 que se celebrará o 31 de decembro. A inscrición ábrese esta medianoite. O evento foi presentado hoxe polo concelleiro de Deportes, Jorge Díaz, e polo técnico de Deportes, Iván López.

As carreiras das categorías inferiores terán lugar a partir das 16:40 horas polas rúas peonís de Ribadeo. A saída da proba absoluta será ás 17:00 horas.

O recorrido da Mini San Silvestre de Pitufos terá unha distancia de 100 metros e a saída será diante da Oficina de Turismo para rematar diante do Concello. Nesta categoría inclúense os nados en 2016, 2017, 2018 e 2019 (que saiban camiñar). Esta proba será non competitiva e haberá medallas para tódolos corredores/as inscritos chegados a meta.

A Mini San Silvestre para Iniciación e Prebenxamín, para nados entre 2012 e 2015, dará comezo ás 16:45 horas, terá unha distancia de 400 metros e consistirá nunha volta ao parque San Francisco con saída e chegada diante do Concello. Nesta proba haberá trofeo para o primeiro corredor e corredora, e medallas para os tres primeiros clasificados de cada categoría.

A Milla para as categorías Benxamín e Alevín, nados entre 2008 e 2011, comezará ás 16:50 horas, terá unha distancia de 1.150,37 metros e discorrerá polas rúas peonís de Ribadeo, con saída entre os parques e chegada á praza de España. Habrá trofeo ao primeiro corredor e corredora, e medallas para os tres primeiros clasificados de cada categoría.

A carreira de San Silvestre Ribadeo 2019 para adultos terá unha distancia de 5.000 metros e sairá entre os dous parques chegando á praza de España, diante do Concello. Nesta proba participarán as categorías: Infantil, Cadete, Júnior, Sénior, Veterano A-B-C-D e Vehículo Adaptado. Habrá medallas para os tres primeiros de cada categoría (masculino e feminino), trofeos e premios en metálico para os tres primeiros homes e tres mulleres da categoría absoluta, para os tres primeiros homes e tres primeiras mulleres ribadenses e para o corredor máis veterano e a corredora máis veterana en rematar a proba. Os premios serán de 100€, 50€ e 25€ e non son acumulativos.

A inscrición é gratuíta, cun máximo de 400 inscritos en carreiras de nenos e 1.000 en adultos. O prazo para anotarse da comezo esta medianoite e remata o 26 de decembro ás 23:59 horas. Pode facerse en www.championchipnorte.com; de xeito presencial nas oficinas de deportes e información xuvenil do Concello de Ribadeo (OMIX), Casa da Xuventude, ata o 26 de decembro ás 14:00 horas; e por mail en deportes@ribadeo.org ata o 26 de decembro ás 14:00 horas.



15 decembro, Lugo LUGO MONUMENTAL

O Concelleiro de Deportes do Concello de Lugo, Miguel Fernández, presentou a carreira Popular Lugo Monumental gran premio CaixaBank que se celebrará o vindeiro domingo 15 de decembro e que alcanzará a súa 17ª edición.

A pretensión dos responsables da organización é que a carreira alcance os 1.500 participantes.

Unha das novidades nesta edición da Lugo Monumental será que terá un carácter solidario, polo que a organización donará un euro de cada inscrición dos participantes adultos á Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo. Todos os interesados en participar nesta edición da Lugo Monumental teñen de prazo para apuntarse ata o vindeiro día 10 de decembro. Hai varios tramos e prezos en función de cando se realice a inscrición.

Os primeiros en tomar a saída, que se realizará desde a zona da Mosquera, na Rolda da Muralla, serán os participantes na categoría mini. Farano a partir das 11:00 horas para completar un percorrido de 370 metros. A competición absoluta terá a súa posta en escena a partir das 12:00 horas e os participantes terán que cubrir unha distancia de 10 quilómetros antes de chegar á meta.

O Concelleiro, Miguel Fernández, destacou o éxito que alcanzou esta proba nas últimas edicións e animou aos lucenses a participar nela, ademais de facer fincapé no seu carácter solidario.



FÚTBOL SALA

COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Div. M	Ribera N.	Burela	Tudela	Hoxe 18:30h
1ª Div. F.	Alicante	Burela	Alicante	Mañá 12:00h
2ª Div. B. M.	Prone Lugo	Ribeira	Municipal	Mañá 12:00h
3ª Nacional	Lugo Sala	Beado	Municipal	Hoxe 17:30h
3ª Nacional	Vilalba	Barreiros	Vilalba	Hoxe 19:00h
Preferente M.	Alto do Vento	Casás	Sta. Isabel	Hoxe 19:30h
Preferente M.	Castroverde	Pontedeume	A Ferreira	Hoxe 18:00h
Preferente M.	Rábade	Ordes	E. Villamarín	Mañá 19:00h
Preferente F.	Salceda	Monterroso	Salceda	Hoxe 17:30h
Preferente F.	Vilalba	As Burgas	Municipal	Mañá 17:00h
Aut. Xuv. M.	Marín	Ribeira	Marín	Mañá 19:00h
Aut. Xuv. M.	Betanzos	Begonte	Municipal	Mañá 12:30h
Aut. Xuv. M.	Os Meigallos	CD Beade	JM González	Hoxe 19:00h
Aut. Xuv. M.	Vilalba	Ourense	Municipal	Hoxe 16:30h
Aut. Cad. M.	Lugo Sala	Santiago	Frigsa	Hoxe 18:00h
Aut. Cad. M.	Casás	Os Meigallos	Palomar	Hoxe 16:00h
Aut. Cad. M.	Guitiriz	Ribeira	Municipal	Hoxe 19:00h
Aut. Cad. M.	Narón	Burela	A Gándara	Hoxe 20:00h
Aut. Inf. M.	Lugo Sala	Santiago	Frigsa	Hoxe 16:30h
Aut. Inf. M.	Lumieira	Os Meigallos	C. do Deporte	Hoxe 17:30h
Aut. Inf. M.	Guitiriz	Ribeira	Municipal	Hoxe 17:30h
Aut. Inf. M.	Stellae	Burela	Municipal	Mañá 16:00h
Aut. Alevín	Casás	Narón	Frigsa	Hoxe 19:30h
Aut. Alevín	Stellae	Burela	Municipal	Mañá 17:30h



28 decembro, Lugo III TORNEO DE NADAL CIDADE DE LUGO

A menos xa dun mes de que se celebre a terceira edición do Torneo de Nadal, a fase autonómica do mesmo, que se celebrará o sábado 28 e domingo 29 de decembro, xa conta co 100% das prazas cubertas. Como sucedeu desde a primeira edición, este campionato ten unha gran repercusión na comunidade e unha vez máis diversos equipos han quedaranse fóra da competición ao alcanzarse rapidamente o número máximo de prazas que pode albergar o torneo.

Doutra banda, a fase nacional entrará en competición do 2 ao 4 de xaneiro do novo ano. Esta estará composta polos equipos que se clasifican da fase autonómica máis os invitados pola organización, chegando desde diversos puntos da xeografía española. A inscrición da mesma avanza a bo ritmo e en próximas datas daranse a coñecer todos os equipos que formarán parte desta nova edición do torneo.

Para dar un paso máis na organización deste III Torneo de Nadal de fútbol sala de base a organización habilitou unha web exclusiva para o campionato, na cal poderanse consultar os equipos participantes e calendarios de competición e, unha vez chegue o momento de que comece a rodar o balón, todos os resultados e clasificacións.

BALONCESTO

COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga LEB Oro	Bregán	Melilla	Pazo	Hoxe 19:00h
Liga Día	Casablanca	Ensino	Zaragoza	Mañá 12:15h
2ª Feminina	CB do Lea	Muralla	Castro	Mañá 19:00h
1ª Júnior Fem.	Estudiantes	Ensino	Anexo	Mércres 20:00h



Hoxe e mañá, Valencia MINI COPA ENDESA

O xogador lucense do Estudiantes Diego Serguei, representará ao baloncesto lucense na fase previa da Minicopa de baloncesto. Este torneo é a antecámara da Copa do Rei que disputan os oito mellores equipos da ACB. Paralelamente hai unha competición infantil entre todos os equipos que compiten na Liga Endesa.

A pasada tempada, co CB Bregán na máxima categoría, un equipo formado por xogadores da Provincia de Lugo competiron baixo a batuta do Estudiantes. Como o conxunto lucense esta tempada baixou á Leb Oro, Lugo non pode participar, pero o Valencia Basket convidou a Diego Serguei para disputar fase previa.

Serguei é xogador do Estudiantes que milita na Liga Galega infantil. O celeste é unha das maiores referencias da categoría e este ano xa asinou encontros por riba dos 40 puntos.

Diego Serguei foi elixido a tempada pasada como o mellor xogador lucense preinfantil na Gala dos Premios Líder ao baloncesto base lucense, e estivo entre os catro finalistas ao MVP da tempada.

PÁDEL

Do 8 ao 15 de decembro, D10 CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO

Un centenar de parellas daranse cita no Gimnasio D10, en Outeiro de Rei, para disputar o Campionato Galego Absoluto de Pádel 2019. Unha competición que por primeira vez se disputa na Provincia de Lugo.

As mellores palas galegas, tanto masculinas como femininas, citaranse no Centro Deportivo D10 para facerse cos 6.000 euros en metálico que reparte en premios a Federación Galega de Pádel nas diferentes categorías.

Na masculina competirán os vixentes campións e xogadores da WPT Borja Yribarren e Adrián Branco, que intentarán revalidar o título aínda que os grandes favoritos son a parella formada por Martín Sánchez Piñeiro e Pablo Lijo, top ten e top 15 mundiais respectivamente.

Con todo, os cabezas de serie serán Ton González, monitor do D10, e o seu compañeiro, Nacho Vilariño, que alcanzaron as semifinais a pasada edición e buscarán mellorar esta clasificación ao xogar como anfitrións.

Na categoría feminina aparecen como favoritas a lucense Vanesa Alonso, que formará parella coa ferrolá Silvia López, actuais subcampeonas. Parten como cabezas de serie Carmen León e Tamara Aranda, número un este ano por ránking, e as xogadoras WPT xemelgas Carla e Sabela Barciela.

A competición, que arrinca mañá, alargarase ata o 15 de decembro. O prazo de inscrición xa finalizou e onte realizouse o sorteo dos cadros.

FÚTBOL

Mañá, Friga LIGA GALEGA FEMININA

O CD Lugo, segundo clasificado, recibe en Friga ao Carballo, oitavo, coa intención de seguirille metendo presión ao Cambre, líder invicto da Segunda División feminina. Na mesma categoría o Chantada recibe ao Ordenes e a Comercial viaxa a Coruña para medirse co Brexo Lema.

COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2ª División	Girona	CD Lugo	Montilivi	Mañá 12:00h
1ª Fem. Galega	Tomiño	Friol B	A Carballa	Mañá 16:00h
2ª Fem. Galega	CD Lugo	Carballo	L. Gorgoso	Mañá 17:00h
2ª Fem. Galega	Brexo Lema	Comercial	Os Pinares	Mañá 16:30h
2ª Fem. Galega	Chantada	Crendes	Sangoñedo	Mañá 16:00h
1ª Autonómica	Riotorto	Escairón	A Veiga	Mañá 12:00h
1ª Autonómica	Lourenzá	Taboada	Santa Cruz	Mañá 16:30h
1ª Autonómica	Xove Lago	Castro	Municipal	Mañá 16:30h
1ª Autonómica	Burela	Chantada	A Marosa	Mañá 16:30h
1ª Autonómica	Outeiro de Rei	SD Pol	Municipal	Mañá 16:00h
1ª Autonómica	Folgueiro	San Roque	Boa Vista	Mañá 16:00h
1ª Autonómica	Pastoricense	Guntín	O Acebreiro	Mañá 16:00h

COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Copa Deputación	SD Viveiro	Meira	Viveiro	Mañá 17:30h
Copa Deputación	Candelaria	Roupar	A Granda	Mañá 16:00h
Copa Deputación	CD Lugo	Carballo	L. Gorgoso	Mañá 17:00h
Copa Deputación	C. Barreiros	Cabreiros	O Cascabeiro	Mañá 16:00h
Copa Deputación	Guitiriz	Mondoñedo	Suso Cruz	Mañá 16:00h
Copa Deputación	Cazás	Abadín	Catro Ventos	Mañá 16:00h
Copa Deputación	Xermade	Alfoz	Xermade	Hoxe 16:00h
Copa Deputación	Antas	Milagrosa	Castro Seoane	Mañá 16:00h
Copa Deputación	Sober	Oural	Centeas	Mañá 16:00h
Copa Deputación	Incio	San Lázaro	Incio	Mañá 16:00h
Copa Deputación	Sp. Lucense	Becerreá	Gándaras	Mañá 16:00h
Copa Deputación	Rubián	Palas	O Poste	Mañá 16:00h
Copa Deputación	Lemos B	Quiroga	Luis Bodegas	Mañá 18:00h
Copa Deputación	Ferreira	Corgo	O Balaño	Mañá 16:00h

VOLEIBOL

COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Superliga 1	Almoradí	CV Emevé	Mayte Andrey	Hoxe 17:30h
Superliga 2	Torrejón	CV Emevé	J.A. Paraíso	Hoxe 19:30h
1ª Gal. F	Korbis	A. Española	A Pinguela	Hoxe 18:00h
1ª Gal. M	CV Emevé	San Sadurniño	Lucus Augusti	Mañá 12:00h
2ª Gal. F	CV Emevé	BV Vigo	Lucus Augusti	Hoxe 17:00h
1ª Xuv. F	Calasancias	Ribeira Sacra	A Coruña	Mañá 11:30h
1ª Xuv. F	CV Emevé	Cambados	C. do Deporte	Mañá 12:00h
1ª Xuv. M	Dumbria	Voleibol Lugo	Dumbria	Mañá 12:00h
1ª Xuv. M	CV Emevé	San Sadurniño	C. do Deporte	Mañá 10:00h
2ª Xuv. F	CVO	Voleibol Lugo	Ourense	Mañá 10:00h
2ª Xuv. F	Korbis	CVP Pomas	A Pinguela	Hoxe 10:00h
2ª Xuv. F	CV Emevé	Rianxo	Lucus Augusti	Mañá 12:00h
2ª Xuv. F	Calasancias	Ribeira Sacra	A Coruña	Mañá 11:30h
1ª Cad. F	Korbis	CVP	A Pinguela	Hoxe 12:00h
1ª Cad. F	CV Emevé	Cambados	C. do Deporte	Mañá 10:00h
1ª Cad. F	Calasancias	Ribeira Sacra	A Coruña	Mañá 10:00h
1ª Cad. M	CV Emevé	San Sadurniño	C. do Deporte	Mañá 12:00h
2ª Cad. F	Calasancias	Ribeira Sacra	A Coruña	Mañá 10:00h
1ª Inf. F	CV Emevé	CVO	C. do Deporte	Mañá 12:00h
1ª Inf. F	Calasancias	Ribeira Sacra	A Coruña	Mañá 13:00h
1ª Inf. F	Korbis	CVP Gómez	A Pinguela	Hoxe 10:00h
1ª Inf. M	CV Emevé	San Sadurniño	C. do Deporte	Mañá 10:00h
2ª Inf. F	CV Emevé	Cambados	Lucus Augusti	Mañá 10:00h

FÚTBOL BASE

Hoxe, Friga LIGA GALEGA CADETE

A Milagrosa recibe ao Ural B coa intención de manter a xeira de xornadas sen perder na categoría de prata do fútbol base cadete. Os de Madriles seguen coa súa escalada en busca dos postos de play off á División de Honra antes de que remate a primeira volta.



COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
N. Xuvenil	Val Miñor B	RC Villalbés	Condóminguez	Hoxe 16:00h
Galega Xuvenil	Viveiro	Calasanz B	Marcos Gómez	Hoxe 18:00h
Galega Cadete	Milagrosa	Ural B	Luis Gorgoso	Hoxe 18:00h
Galega Cadete	Dumbria	CD Lugo B	O Conco	Hoxe 12:00h
Galega Cadete	Viveiro	Calasanz B	Marcos Gómez	Hoxe 16:00h
Galega Infantil	Victoria	CD Lugo	Municipal	Hoxe 11:00h



Xaneiro TORNEO DE REIS SCD MILAGROSA

Agora que se aproximan as datas sinaladas do Nadal e como é tradición, o vindeiro mes de xaneiro celebrarase o XVIII Torneo de Reis da SCD Milagrosa. Un campionato referente a nivel Provincial e Galego para as categorías de fútbol oito, que se darán cita os días 2, 3 e 4 do próximo mes no Campo Municipal Luis López Gorgoso de Friga.

Nada máis arrincar o 2020 todos os amantes do deporte, e especialmente da base, poderán gozar dos partidos mais emocionantes de fútbol 8.

Nesta nova edición as categorías participantes seguirán sendo a Pre-benxamín - que realizará a fase de grupos o día 2 de xaneiro - Benxamín e Alevín - o 3 e 4 de xaneiro - e, consolidando a competición feminina, as categorías Alevín e Infantil xa creadas en edicións anteriores, que xogarán o día 4 de xaneiro. Salvo os prebenxamíns, todas realizarán a súa fase de grupos o día 3 e a mañá do 4, deixando para a tarde as fases finais.

Polo tanto, as tres xornadas de competición serán en formato de mañá e tarde na instalación municipal de Luis López Gorgoso, Friga. Na categoría Prebenxamín participarán un mínimo de 8 equipos e un máximo de 32, asegurándose un mínimo de 2 partidos e un máximo de 6.

Nas categorías Benxamín e Alevín participarán un mínimo de 8 equipos e un máximo de 28 equipos, asegurándose un mínimo de 2 partidos e un máximo de 6.

Na Alevín e Infantil feminino participarán un mínimo de 3 e un máximo de 6 equipos, cada categoría xogando un mínimo de 2 e un máximo de 6 encontros.

O prazo de inscrición para todos os equipos interesados en participar remata o próximo 23 de decembro.

XUVENLUGO

A DEPUTACIÓN PROMOVE 23 DÍAS DE LECER FAMILIAR nunha cita xa tradicional para os nenos e nenas lucenses. Este ano, únese a posibilidade de facer dúas subidas no Rocódromo recentemente inaugurado no Pazo de Feiras e Congressos

Un ano máis, durante os meses de Nadal, a Deputación e o Concello de Lugo colaboran coa organización de Xuvenlugo, unha cita de lecer familiar que vai xa pola súa vixesimosegunda edición.

O salón de actos da Deputación acolleu este venres a presentación da programación deste ano. Un acto no que participaron a Vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, a Deputada de Mocidade, Mónica Freire, e o Xerente do Pazo de Feiras e Congressos, Rubén López.

A Vicepresidenta explicou que "as 22.000 persoas que se achegaron o ano pasado a Xuvenlugo demostran que é unha alternativa de ocio con gran acollida entre as familias, que permite que nenos e rapaces desde 0 a 14 anos poidan disfrutar de moitas actividades nun só espazo"

Este ano, ademais de contar con novas propostas nas actividades habituais, como as atraccións, os inchábeis, a ludoteca, os recreativos e videoxogos etc. únese a posibilidade para os visitantes de facer dúas subidas, supervisadas, no Rocódromo do Pazo, "co que poderán experimentar o deporte da escalada nunhas instalacións de primeiro nivel". Esta actividade terá un custe adicional de 2 €.

Ademais, a Vicepresidenta destacou a posibilidade de asistir ao recinto nas xornadas de Portas Abertas, que se celebrarán o día 5 de decembro, co patrocinio do Concello de Lugo, e o día 13 de decembro, grazas á Deputación.

Datos e prezos

Xuvenlugo abrirá un total de 23 días, en horario de 16:30 a 20:30, e estarán distribuídos do seguinte xeito: do 5 ao 8 de decembro, do 13 ao 15 de decembro, do 20 ao 23 de decembro, do 25 ao 30 de decembro, do 1 ao 4 de xaneiro e o 6 e 7 de xaneiro de 2020.

A entrada xenérica de XuvenLugo será de 6 euros. Poderase sacar un bono grupal de 50 euros para 10 persoas que terá validez para un só día. Haberá un prezo especial da entrada a 4,5 euros para Concellos, colexios e asociacións, mediante reserva anticipada e para un mínimo de 15 persoas. Ademais do rocódromo, outras actividades tamén terán un custe adicional: o acceso á pista de minigolf, o touro mecánico ou a pista de slot.



“AS 22.000 PERSOAS QUE SE ACHEGARON O ANO PASADO A XUVENLUGO DEMOSTRAN QUE É UNHA ALTERNATIVA DE OCIO CON GRAN ACOLLIDA ENTRE AS FAMILIAS LUCENSES, QUE PERMITE QUE NENOS E RAPACES DESDE 0 A 14 ANOS POIDAN DESFRUTAR DE MOITAS ACTIVIDADES NUN SÓ ESPAZO”

MAITE FERREIRO, Vicepresidenta da Deputación de Lugo

